

NORMAS DE RÉXIME INTERNO

1. NORMAS DE CONVIVENCIA

Adaptarase ao disposto no R.D. 732/95, nos artigos 41 e sucesivos.

2. FALTAS DE ASISTENCIA

2.1 As faltas de asistencia serán de dous tipos: xustificadas e sen xustificar.

2.2 Entenderase por faltas xustificadas aquelas na que o alumnado menor de idade presente un xustificante do seu titor/a legal, ou no caso dos alumnos maiores de idade, os que presenten un xustificante médico ou laboral.

2.3 A acumulación de faltas de asistencia suporá a baixa na materia correspondente, sen prexuízo dunha reclamación do alumno/a ante a dirección do centro que trasladará o expediente á Comisión Disciplinaria para que delibere en última instancia unha vez oídas ambas partes.

2.4 O centro notificará por correo certificado a acumulación de faltas de asistencia xustificadas e sen xustificar unha vez estas cheguen aos límites establecidos nos dous parágrafos seguintes. No caso das faltas xustificadas, estas comunicaranse ao alumnado ao chegar ao 50% do límite total. Unha vez recibida esta notificación o alumnado deberá adoptar as medidas oportunas. De non facelo así nun prazo de quince desde a recepción da notificación, o centro procederá a dar de baixa automaticamente ao alumno/a na materia na que teña acumuladas as faltas no caso de que estas sexan sen xustificar, o cal será comunicado novamente por correo certificado.

2.5 Faltas de asistencia en materias dunha sesión semanal:

-O límite de faltas de asistencia xustificadas será de 8 faltas trimestrais.

-O límite de faltas de asistencia sen xustificar será de 4 faltas trimestrais.

2.6 Faltas de asistencia en materias de dúas sesións semanais:

-O límite de faltas de asistencia xustificadas será de 16 faltas trimestrais.

-O límite de faltas de asistencia sen xustificar será de 8 faltas trimestrais.

2.7 Cando por problemas especiais un alumno/a non poda asistir temporalmente ás clases, superando o límite de faltas de asistencia xustificadas, presentará un escrito á xefatura de estudos informando das características do seu problema para que a Comisión Disciplinaria do centro valore a súa permanencia na material.

2.8 A baixa por acumulación de faltas nunha materia implica a perda de praza na mesma materia para o vindeiro curso, tendo que presentarse novamente á fase sorteo para volver a optar a unha praza.

3. PERMANENCIA NO CENTRO

3.1 O tempo máximo de permanencia na materia de Linguaxe Musical será de 7 anos.

3.2 O tempo máximo de permanencia nas materias instrumentais será de 8 anos.

4. PROMOCIÓN E DIPLOMAS

4.1 A promoción do alumnado ao curso seguinte na materia de Linguaxe Musical e Coro estará a suxeita á consecución dos obxectivos de curso.

4.2 Unha vez rematado un ciclo de estudos, o alumnado recibirá un diploma acreditativo do nivel acadado. O primeiro ciclo de Linguaxe Musical e Coro serán o Inicio, Básico 1, Básico 2 e Coro 1, 2 e 3. O segundo ciclo de Linguaxe Musical serán o Intermedio e o Avanzado. No caso de Coro 3 (feito como materia solta) e Coro de adultos o diploma acreditativo terá carácter anual.

NORMAS REGULADORAS DA ADMISIÓN DE ASPIRANTES

NORMAS XERAIS

1. O sistema de acceso á Escola de Música é por sorteo.
2. Todos os interesados en acceder a unha praza da Escola de Música en calquera das materias ofertadas deberán facer unha preinscrición cos seus datos persoais na que farán constar a que tipo de praza quere optar: música e movemento, coro adultos, linguaxe ou formación instrumental.
3. A cada preinscrición asignaráselle un número de rexistro.
4. Dado que no sistema de acceso á Escola de Música por sorteo terán prioridade aqueles candidatos empadroados en Cangas, no momento de formalizar a preinscrición deberá (de ser o caso) presentarse o certificado de empadramento do ano en curso conforme estase empadornado en Cangas. Quenes non presenten dito certificado nese momento, entrarán no sorteo cos non empadroados en Cangas.
5. As listas de solicitantes faranse públicas, mediante exposición no taboleiro de anuncios do centro, habendo un período de tres días hábiles para corrixir calquera erro nestas. Nese mesmo listado indícase a data en que se realizarán os sorteos de prazas das diferentes especialidades.
6. O sorteos instrumentais estarán divididos en catro sorteos diferentes dependendo das características dos candidatos que concurran ao mesmo:
 - 1º-Sorteo de especialidades instrumentais para o alumnado procedente de Música e Movemento empadornado en Cangas.
 - 2º-Sorteo de especialidades instrumentais para o alumnado procedente de Música e Movemento non empadornado en Cangas.
 - 3º-Sorteo de especialidades instrumentais para candidatos de novo ingreso empadroados en Cangas.
 - 4º-Sorteo de especialidades instrumentais para candidatos de novo ingreso non empadroados en Cangas.
7. Nas especialidades de Coro de adultos, Linguaxe Musical e Música e Movemento celebrarase sorteo se o número de demandas é maior que as prazas ofertadas. No caso de celebrarse, non é necesario a presenza dos candidatos neste sorteo.
8. O alumnado procedente da Música e Movemento ten garantida praza en Linguaxe Musical e Coro e este alumnado será o primeiro en escoller instrumento nos sorteos instrumentais.
9. O alumnado matriculado unicamente en Linguaxe Musical e/ou Coro en cursos anteriores non terá prioridade nos sorteos instrumentais, incorporándose ao sorteo que lle corresponda dos candidatos de novo ingreso (empadroados ou non empadroados en Cangas).
10. Os solicitantes de praza en instrumento, ou persoas en quen deleguen, que non estean presentes no momento do sorteo quedarán excluídos do proceso selectivo.
11. Nos sorteos instrumentais, no momento en que un interesado non teña praza no instrumento desexado, poderá anotarse no mesmo pasando a formar parte dunha lista de espera ou optar por outro instrumento.
12. Ao rematar o sorteo confeccionaranse as listas de admitidos e as listas de espera.
13. Faranse públicos os resultados dos sorteos no taboleiro de anuncios da Escola de Música e haberá un prazo de reclamacións de tres días hábiles desde a súa data de publicación.
14. Unha vez rematado o prazo de matrícula, sempre e cando non queden candidatos nas listas de espera, as posibles vacantes instrumentais serán cubertas por adxudicación directa aos interesados ata o remate das mesmas.
15. Os candidatos que obteñan praza nunha ou varias materias conservarán a súa praza para os seguintes cursos a non ser que a perdan por faltas de asistencia ou por faltas graves de conduta, ata completar o máximo de anos permitidos na Escola.
16. Todos os sorteos serán realizados pola Comisión Disciplinaria da Escola de Música.

NORMAS ESPECÍFICAS DE CADA SORTEO

SORTEOS DE PRAZAS INSTRUMENTAIS

1º e 2º sorteo: Alumnado procedente de Música e Movemento (grupo de 7 anos), empadroado e non empadroado en Cangas.

- Serán os dous primeiros sorteos de prazas instrumentais en celebrarse, sen prexuízo de que este alumnado perda a súa praza en Linguaxe Musical e Coro.
- Realizárase primeiro o sorteo de aqueles alumnos empadroados en Cangas e posteriormente o dos non empadroados en Cangas.
- Os interesados farán a súa solicitude a cal se lle asignará un número de rexistro.
- No momento do sorteo pasarase lista dos candidatos, excluíndo do sorteo aos non presentados ou aos non representados pola persona en quen deleguen, asignándoselles un número que irá introducíndose nun bombo para a súa posterior extracción de un en un. A medida que vaian saíndo os números, os interesados que lles corresponda escollerán unha opción instrumental entre as diferentes especialidades que queden libres.
- No momento en que un interesado non teña praza no instrumento desexado, poderá anotarse no mesmo pasando a formar parte dunha lista de espera ou optar por outro instrumento.
- Unha vez cubertas todas as prazas instrumentais seguiranse sacando números e nesa mesma orde confeccionarase unha lista de espera de alumnos para cubrir por posibles renuncias ou vacantes. Esta lista de espera sempre terá prioridade sobre as que se confeccionen cos solicitantes de novo ingreso e estará constituída primeiro por aqueles alumnos empadroados en Cangas e a continuación por os non empadroados en Cangas.

3º e 4º sorteo: Alumnado de novo ingreso, empadroados e non empadroados en Cangas.

- Serán os dous últimos sorteos de prazas instrumentais en celebrarse.
- Realizárase primeiro o sorteo de aqueles alumnos empadroados en Cangas e posteriormente o dos non empadroados en Cangas.
- Os interesados farán a súa solicitude a cal se lle asignará un número de rexistro.
- No momento do sorteo pasarase lista dos candidatos, excluíndo do sorteo aos non presentados ou aos non representados pola persona en quen deleguen, asignándoselles un número que irá introducíndose nun bombo para a súa posterior extracción de un en un. A medida que vaian saíndo os números, os interesados que lles corresponda escollerán unha opción instrumental entre as diferentes especialidades que queden libres.
- No momento en que un interesado non teña praza no instrumento desexado, poderá anotarse no mesmo pasando a formar parte dunha lista de espera ou optar por outro instrumento.
- Unha vez cubertas todas as prazas instrumentais seguiranse sacando números e nesa mesma orde confeccionarase unha lista de espera de alumnos para cubrir por posibles renuncias ou vacantes. Nesta lista de espera estarán primeiro os candidatos empadroados en Cangas e a continuación os non empadroados en Cangas, e sempre despois da lista de espera dos alumnos que procedan de Música e Movemento.

SORTEO DE ALUMNOS DE NOVO INGRESO EN MATERIAS COLECTIVAS: MÚSICA E MOVEMENTO, LINGUAXE MUSICAL E CORO DE ADULTOS.

- Nestas materias soamente celebrárase o sorteo se o número de demandas é maior que as prazas ofertadas.
- Os sorteos das diferentes especialidades terán lugar por separado.
- Realizárase primeiro o sorteo de aqueles candidatos empadroados en Cangas e posteriormente o dos non empadroados en Cangas.
- Nos sorteos de estas materias non é necesaria a presenza dos candidatos durante o mesmo.
- No momento do sorteo introduciranse números nun bombo, tantos como candidatos haxa nas diferentes especialidades, para a súa posterior extracción de un en un. A medida que vaian saíndo os números íranse completando as prazas da materia correspondente ata que se rematen as mesmas, pasando os candidatos que non obteñan praza a formar parte dunha lista de espera na que irán en primeiro lugar os candidatos empadroados en Cangas e a continuación os non empadroados.